

O ILMO. CONCELLO DE MOAÑA

Julio Carmona Barros, con [REDACTED], na súa condición de membro da Xunta Directiva da Asociación Pola Defensa da Ría, con dirección a efecto de notificacións na Rúa San Xulián nº 1, 1ª. 36002-Pontevedra.

EXPÓN:

Que dentro de prazo hábil formula ALEGACIÓNS respecto do PLAN DE IMPLANTACIÓN PRESENTADO POLA ENTIDADE VODAFONE ESPAÑA, se persoa no procedemento administrativo, e considerando que o referido plan vulnera tanto as determinacións xenéricas das normas de aplicación, como de xeito concreto a ordenanza municipal **reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no Concello de Moaña**, formula fronte o mesmo as seguintes

ALEGACIONES

PRIMEIRA.-

1. VULNERACIÓN PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN.- **O Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro,** que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radio eléctricas e medidas de protección sanitarias fronte a emisores radioeléctricos en vigor configura como finalidade a **adopción das medidas oportunas para garantir a protección da saúde ante posibles consecuencias que as ondas electromagnéticas ou o mal funcionamento das instalacións poidan ocasionar.** A referida declaración foi respaldada pola sentenza do tribunal superior de Xustiza de Galicia de 26 de maio de 2005 (recurso 4708 /2002 [RJCA 2006, 43]), veu a considerar, que viña a establecer que **o artigo 42.3 da Lei Xeral de Sanidade (RCL 1986, 1316)** dispuña que os Concellos, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, **terán as seguintes responsabilidades mínimas en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios:** a) **Control sanitario do medio ambiente, contaminación atmosférica,** abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, residuos urbanos e industriais; b) **control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, ruídos e vibracións;** c) control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos

centros de alimentación, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos. En consecuencia este Concello de Moaña debe esixir, en exercicio das súas competencias en materia de saúde, que se cumpran os requisitos determinados para garantir a saúde dos moañeses. O propio plan de implantación fronte o que se alega, xustifica alomenos en canto os seus principios básicos que a súa intención e cumprir os marxenes de seguridade determinados por os organismos competentes nacionais e internacionais. Nembargante o exposto non é así toda vez que non se cumpren cos marxenes de seguridade establecidos en numerosos estudos científicos que conclúen que a exposición ás emisións electromagnéticas non son seguras nos niveis de exposición que se pretende pola meritada entidade. Neste senso a resolución do Parlamento Europeo, de 4 de setembro de 2008, sobre a Revisión intermedia do Plan de Acción Europeo sobre Medio Ambiente e Saúde 2004-2010 (2007/2252, INI), constata **que os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público están obsoletos**, asinándose no marco da resolución un gran interese polo informe de Bioinitiative no que se sinala o perigo que entraña este tipo de emisións na poboación (sobre todo en mulleres embarazadas, nenos e persoas maiores) establecéndose **un valor límite de precaución non superior de 0.1 μ W/cm² para as emisións de telefonía móbil**. E, precisamente neste caso as antenas que se pretenden implantar poden -segundo o plan de implantación- chegar a someter a densidades de potencia que poden chegar a superar en miles de veces a potencia permitida, o

cal de calquera dos xeitos aboca o seu rexeitamento o non cumprir nin coas finalidades da norma, nin tampouco cos marxenes de seguridade que se están establecendo o abeiro do informe de Bioinitiative. Asemade a lei contempla un risco sobre estes espazos do que se desprende a **minimización**, poñendo unha distancia de seguridade citada na orden CTE/23/2002 de 11 de xaneiro do 2002 no seu apartado Terceiro 3.1 apartado f) aplicando o devandito principio de precaución. Por iso neste caso debe aplicarse o **PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN** acollido polo Tribunal de Xustiza das Comunidades europeas, o cal **non precisa dunha proba plena da existencia do risco que se trata de evitar, porque nese caso, xa non cabería falar de precaución, senón de constatación**, partindo da base ademais, de que a defensa do interese público pode prevalecer sobre concretos dereitos dos particulares, con tal de que non se produza unha ablación completa dos mesmos, sendo así que no presente caso aquel vén representado pola **protección da saúde pública**, polo que en definitiva procede rexeitar o plan presentado.

2. Esa protección a que vimos de facer mención aparece relacionada na **RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO de 2 de abril de 2009 sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos, que incide en que** nas últimas décadas a exposición ambiental a fontes de campos electromagnéticos aumentou con regularidade, o que significa que **na actualidade cada cidadán está exposto a unha mestura complexa de campos eléctricos e magnéticos de diferentes frecuencias e chegando a considerar que a**

tecnoloxía dos dispositivos sen fíos (teléfono móbil, Wifi-Wimax-Bluetooth, teléfono de base fixa «DECT») **emiten CEM que poden producir efectos adversos para a saúde humana, do que deriva a necesidade de que se fixen límites de exposición denominados preventivos, tendo en conta a necesidade de garantir polo menos que as escolas, garderías, residencias de anciáns e centros de saúde sitúense a unha distancia específica, fixada de acordo con criterios científicos, deste tipo de equipos, todo elo coa encargada de transmisión tanto o Presidente da Unión, coma o Consello e a Comisión, polo que é evidente a necesidade de actuar dende xa sen perda de ocasión ante o lento devir burocrático da tramitación legal, buscando un acomodo transitorio que permita a preservación da saúde o longo da tramitación, e minimize o impacto na saúde o longo deste período.**

3. VULNERACIÓN DAS DETERMINACIÓNS DA LEI 9/2002, DE 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA. Parece oportuno resaltar que neste caso o plan de implantación establece e artella instalacións como a denominada de Cangas, REM Domaio, ou das previstas a de Tiran, Meira, Moureira que colisionan frontalmente coa prohibición das instalacións en solo de protección, que responde esencialmente á Lei 9/2002, De 30 De Decembro, De Ordenación Urbanística E Protección Do Medio Rural De Galicia que prevé para esta clase de chan, usos relacionados coas actividades propias do medio rural e coas necesidades da poboación residente en devanditos

núcleos e, que os tipos de construción deberán ser adecuados á condición das edificacións propias do medio rural en que se emprazan. Tamén se vulnera a prohibición das **instalacións en solo rústico especialmente protexido** que responde esencialmente á normativa legal vixente, concretamente ás **previsións da Lei 9/2002, De 30 De Decembro, De Ordenación Urbanística E Protección Do Medio Rural De Galicia**, que contempla para esa clase de chan, ademais das limitacións establecidas con carácter xeral para o chan rústico común, a **prohibición de calquera utilización que implique transformación do seu destino ou natureza ou lesione o valor específico que se queira protexer**. E é que parece fóra de toda dúbida que as características das estacións base e das antenas sobre mastros ou estruturas permite considerar a instalación das mesmas como incursas na o prohibición específica do artigo de mención.

4. VULNERACIÓN ARTIGOS ,1 e 2 DA ORDENANZA.- **Q plan non xustifica en forma axeitada o emprazamento das antenas nunhas zonas de tan elevada densidade demográfica** como son as zonas urbanas como a das Barxas ou aqueles núcleos que no caso de Domaio, Meira, Berducedo, Ameixoadá, Samertolameu ou o Real acadaron un alto grao de desenvolvemento urbanístico, xustificación que é precisa tal e como se deriva da ordenación sectorial. Neste senso é preciso que teñamos en conta a experiencia doutras localidades **para compatibilizar o principio de precaución e novas tecnoloxías**, entre elas destaca a **ordenanza de Molina de Segura** aprobada

definitivamente por acordo do Pleno de fecha 14/04/08 e Publicada en BORM nº 106 de 8/05/2008, que establece como valor obxectivo de exposición 0.1 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ no exterior e de 0.01 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ no interior das casas, un nivel de potencia ao que as operadoras deberán adaptarse en un prazo máximo de dous anos, Por un lado establece como requisito necesario que se utilicen todas as posibilidades técnicas existentes para garantir á cidadanía a mínima exposición posible, albergando a posibilidade do Concello, de que por razóns de interese público, poida limitar, ou incluso prohibir, as instalacións de radiocomunicación e/ou telecomunicacións radioelétricas en determinados casos **ademais de non permitir este tipo de instalacións dentro de solo urbano** e dunhas distancias de 100 metros das vivendas e 300 metros de centros educativos, sanitarios, xeriatricos, colexios públicos, xardíns públicos, ludoteca, próximo Centro de Saúde a piscina, etc. e en Domaio o Centro de Saúde e o Centro de Maiores.

5. VULNERACIÓN ARTIGOS 1 e 2, DA ORDENANZA.- Por o defecto anterior e con respecto a parte das zonas onde se propón a implantación, non se ten en consideración que as mesmas precisamente por esa elevada densidade demográfica se configuran coma unhas **zonas de especial sensibilidade**, o atoparse no seu ámbito non só vivendas unifamiliares ou plurifamiliares, centro de educación preescolar no Real (Escola Infantil Dalila na rúa Fragata Vila de Madrid) colexios públicos (As Barxas), xardíns públicos (As Barxas, Domaio), ludoteca, próximo Centro de Saúde de As Barxas, piscina, Centro de Maiores (Meira, As Barxas), Clubs de deporte.... Asemade nestas

zonas residen nos edificios ou vivendas que se atopan no radio dun cento de metros un numero de menores superior o dalgúns centros escolares da localidade, xunto coa presenza dun –tamén-elevado numero de persoas maiores, embarazadas ou enfermos que se configuran na ordenanza como grupos de especial protección. A **tal fin acreditativo se interesa a expedición polos servizos estatísticos do concello de certificación na que consten o numero de persoas comprendidas no segmento que se denomina como de especial sensibilidade e que se remita solicitude o centro de saúde ou o SERGAS, para que de xeito estatístico relacione o numero de persoas enfermas ou de mulleres embarazadas nos referidos ámbitos.**

6. VULNERACIÓN ARTIGO 7 DA ORDENANZA.- **Tampouco se acredita de xeito algún a imposibilidade de cubrir o servizo dende outros puntos sobre todo non residenciais**, cuestión que se revela fundamental segundo as finalidade e obxectos da ordenanza sectorial.

7. VULNERACIÓN ARTIGOS 5 E 7 DA ORDENANZA.- A altura máxima das instalacións existentes supera o máximo determinado nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (en diante, NNSSPPMM) publicadas en BOP N° 103 de 29/05/1996 e non garda os recuamentos normativos. A Lei 9/2002, De 30 De Decembro, De Ordenación Urbanística E Protección Do Medio Rural De Galicia, dispón no seu Art. 217. 3, que “Son infraccións graves As accións e omisións que constitúan incumprimento das normas relativas a altura, emprazamento das

edificaci3ns, distancias m3nimas de separaci3n a lindes”. A Disposici3n adicional cuarta. Determina que “Calquera cidad3n, en exercicio da acci3n p3blica en materia de urbanismo, pode esixir ante os 3rganos administrativos e ante a xurisdicci3n contencioso-administrativa o cumprimento da lexislaci3n e do planeamento urban3stico”. Se a acci3n p3blica 3 motivada pola execuci3n de obras que se estimen ilegais, pode exercerse mentres se prolongue a s3a execuci3n e, posteriormente, ata o vencemento dos prazos de prescripci3n determinados na Lei. En concreto e tal e como se verifica no informe pericial axunto co presente escrito:

❖ ANTENA DE VILELA (BASE CANGAS):

➤ Dada a localizaci3n, a torre sup3n un **impacto visual negativo** dado que se atopa nunha zona practicamente plana, con vexetaci3n a nivel de chan, tal como refl3ctese no apartado 2 do art. 7, polo que a **altura m3xima at3pase limitada a 30,00 metros, tendo a torre actual unha altura de 40,00 metros** segundo descr3bese no Plan T3cnico, polo que a altura m3xima incumprir3ase.

➤ Neste caso o Plan T3cnico dise o n3mero de antenas que disp3n o mastro son de 7 antenas dos modelos DCS/UMTS/GSM, que non se corresponde coa realidade e que ademais nin gardan os recuamentos establecidos, nin os adaptados, e carecen de licencia de obra ou actividade, posto que a licencia que se aporta fai referencia a estaci3n base e non as antenas, que precisan (e precisaban) de autorizaci3n.

❖ ANTENA DE DANIEL CASTELAO (BASE MOAÑA):

➤ Neste preciso caso debería realizarse medición da antena por parte dos técnicos municipais que en ningún caso podería superar os 6 metros de altura e que ademais consonte a licencia o casetón non se admite, circunstancia que nembargante segue presente. Neste caso debe terse presente que conforme á ordenanza non se permitirán estas instalacións sobre espazos especialmente sensibles, tales como escolas infantís, centros educativos, hospitais, centros de saúde, residencias xeriátricas, etc. Ao redor dos cales establecerase unha zona de cautela, cun radio de 100 mts na cal prohíbese a instalación destes equipos.”(“), situándose esta instalación e a súa previsión sobre zona na que se reúnen as características expostas, o que prohibe a súa instalación.

➤ Neste caso o Plan Técnico dise o número de antenas que dispón o mastro son de 2 antenas dos modelos DCS/UMTS/GSM, que non se corresponde coa realidade e que ademais carecen de licencia de obra ou actividade, posto que a licencia que se aporta fai referencia a estación base e non as antenas, que precisan (e precisaban) de autorización.

➤ Ademais se constata que existe unha actuación ilegal porque aparecen sobre a cuberta dous casetóns con dous mastros, o que provoca que se trate de legalizar a través do plan de implantación unha actuación carente de substrato legal, polo que ademais debe promoverse a actuación municipal urxente para proceder a

adopción das mediadas restauradoras da legalidade que sexan oportunas.

❖ ANTENA DÁS BARXAS (BASE MOAÑA 2):

➤ A edificación atópase dentro da trama urbana, e próxima a zonas públicas de recreo para nenos e zona verde, en concreto atópase a unha distancia inferior a 100 m e outra dentro dos 200 mts, localízase dentro dunha zona de nova expansión, polo tanto a densidade de poboación á que pode afectar é bastante importante.

➤ Segundo a Ordenanza Municipal Reguladora das condicións Urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación do Concello de Moaña en artigo 5 b) di: **“A altura máxima de calquera elemento ou parte da instalación sobre a liña de arranque dun plano inclinado, definido este concepto de acordo co establecido nas N.N.S.S, de Moaña, verá limitada polo seguinte cadro en función do número de plantas da edificación onde se sitúen cun máximo de 3,50 m sobre o cumio da edificación.”** A licenza con expediente 22/36, deu autorización para a realización dun mastro cunha altura de 20 mts; que segundo o Plan Técnico, as antenas atoparíanse, a unha altura de 12 mts, dado que o edificio é de quince metros, e segundo o mesmo plan as antenas atópanse a unha altura de 27 mts sobre o nivel do chan, polo que a pregunta é, porque necesitan un mastro de 20 mts”, se as antenas estarían colocadas no centro; polo que se pode ver nas fotografías as antenas atópanse na parte superior do mastro, polo que a altura das antenas é superior aos 27

mts indicados no Plan. Desta forma para a altura de 15 mts que di o plan que ten a edificación, e segundo o que establece a ordenanza **a altura máxima da instalación sería de 6,00 metros, e con todo xa o mastro dispón de 20,00 mts, pero segundo datos catastrais dispón de planta baixa, dúas plantas e un baixo cuberta, polo a altura máxima sería de 5,50 mts, vulnerándose coas previsións do plan directamente a ordenanza.**

➤ Ademais a través do Plan Técnico de outra operadora púidose comprobar que o número de antenas que dispón a torre supera as indicadas por esta. A torre dispón de varias antenas de distintas compañías dos modelos DCS/UMTS/GSM, que carecen de licencia de obra e actividade, posto que a licencia da que disfruta fai referencia a instalación dun mastro doutra operadora pero non para colocación de antenas, que precisan (e precisaban) de autorización.

❖ ANTENA DE DOMAIO(BASE REM-DOMAIO):

➤ Dada a localización, a torre supón un impacto visual **negativo**, polo que a altura máxima incumpriríase.

❖ ANTENA PREVISTA EN TIRAN (BASE TIRAN):

➤ Non aclara o tipo de chan sobre o que se asentará, o fallar claramente a ubicación por carecerse da concreción planimétrica, ausencia que determina unha indefinición non aceptada pola norma e pola lei sectorial, que provocan que as previsións sobre as que se asenta o plan non sexan certas e polo tanto si as bases

non son correctas tampouco o son os desenvolvementos posteriores.

➤ O anterior provoca a imposibilidade de coñecer si a súa ubicación se produce en solos de protección (actividade prohibida) ou urbanizables, que se atopan limitados na mesma forma, indefinición que provoca o rexeite da previsión conforme os requirimentos da Ordenanza Municipal Reguladora das condicións Urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación do Concello de Moaña no seu artigo 29.

➤ Non se establece ou define a area de cobertura

➤ Non se axunta descrición da futura estación, provocando unha defecto insubsanables, posto que non e posible aprobar un plan con unha antena que pode ser ilegal o non ter en conta os parámetros que deben rexer a nivel urbanístico.

➤ As coordenadas aportadas na paxina 80 do plan (que en ningún caso son suficientes para dar por cumprido os requisitos do artigo 29 da ordenanza), fan referencia a uns puntos que non se corresponden coa realidade exposta, e que se asentarían en lugares prohibidos pola normativa sectorial.

❖ ANTENA PREVISTA EN DOMAIO (BASE DOMAIO):

➤ Non aclara o tipo de chan sobre o que se asentará, o fallar claramente a ubicación por carecerse da concreción planimétrica, ausencia que determina unha indefinición non aceptada pola norma e pola lei sectorial, que provocan que as previsións sobre

as que se asenta o plan non sexan certas e polo tanto si as bases non son correctas tampouco o son os desenvolvementos posteriores.

➤ O anterior provoca a imposibilidade de coñecer si a súa ubicación se produce en solos de protección (actividade prohibida)ou urbanizables, que se atopan limitados na mesma forma, indefinición que provoca o rexeite da previsión conforme os requirimentos da Ordenanza Municipal Reguladora das condicións Urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación do Concello de Moaña no seu artigo 29.

➤ Non se establece ou define a area de cobertura

➤ Non se axunta descrición da futura estación, provocando unha defecto insubsanables, posto que non e posible aprobar un plan con unha antena que pode ser ilegal o non ter en conta os parámetros que deben rexer a nivel urbanístico.

➤ As coordenadas aportadas na paxina 80 do plan (que en ningún caso son suficientes para dar por cumprido os requisitos do artigo 29 da ordenanza), fan referencia a uns puntos que non se corresponden coa realidade exposta, e que se asentarían en lugares prohibidos pola normativa sectorial.

❖ ANTENA PREVISTA EN MEIRA (BASE MEIRA):

➤ Non aclara o tipo de chan sobre o que se asentará, o fallar claramente a ubicación por carecerse da concreción planimétrica, ausencia que determina unha indefinición non aceptada pola

norma e pola lei sectorial, que provocan que as previsións sobre as que se asenta o plan non sexan certas e polo tanto si as bases non son correctas tampouco o son os desenvolvementos posteriores.

➤ O anterior provoca a imposibilidade de coñecer si a súa ubicación se produce en solos de protección (actividade prohibida)ou urbanizables, que se atopan limitados na mesma forma, indefinición que provoca o rexeite da previsión conforme os requirimentos da Ordenanza Municipal Reguladora das condicións Urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación do Concello de Moaña no seu artigo 29.

➤ Non se establece ou define a area de cobertura

➤ Non se axunta descrición da futura estación, provocando unha defecto insubsanables, posto que non e posible aprobar un plan con unha antena que pode ser ilegal o non ter en conta os parámetros que deben rexer a nivel urbanístico.

➤ As coordenadas aportadas na paxina 80 do plan (que en ningún caso son suficientes para dar por cumprido os requisitos do artigo 29 da ordenanza), fan referencia a uns puntos que non se corresponden coa realidade exposta, e que se asentarían en lugares prohibidos pola normativa sectorial.

❖ ANTENA PREVISTA EN MOUREIRA (BASE MOUREIRA):

➤ Non aclara o tipo de chan sobre o que se asentará, o fallar claramente a ubicación por carecerse da concreción planimétrica,

ausencia que determina unha indefinición non aceptada pola norma e pola lei sectorial, que provocan que as previsións sobre as que se asenta o plan non sexan certas e polo tanto si as bases non son correctas tampouco o son os desenvolvementos posteriores.

➤ O anterior provoca a imposibilidade de coñecer si a súa ubicación se produce en solos de protección (actividade prohibida)ou urbanizables, que se atopan limitados na mesma forma, indefinición que provoca o rexeite da previsión conforme os requirimentos da Ordenanza Municipal Reguladora das condicións Urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación do Concello de Moaña no seu artigo 29.

➤ Non se establece ou define a area de cobertura

➤ Non se axunta descrición da futura estación, provocando unha defecto insubsanables, posto que non e posible aprobar un plan con unha antena que pode ser ilegal o non ter en conta os parámetros que deben rexer a nivel urbanístico.

➤ As coordenadas aportadas na paxina 80 do plan (que en ningún caso son suficientes para dar por cumprido os requisitos do artigo 29 da ordenanza), fan referencia a uns puntos que non se corresponden coa realidade exposta, e que se asentarían en lugares prohibidos pola normativa sectorial.

❖ ANTENA PREVISTA EN BERDUCEDO (BASE BERDUCEDO):

- Non aclara o tipo de chan sobre o que se asentará, o fallar claramente a ubicación por carecerse da concreción planimétrica, ausencia que determina unha indefinición non aceptada pola norma e pola lei sectorial, que provocan que as previsións sobre as que se asenta o plan non sexan certas e polo tanto si as bases non son correctas tampouco o son os desenvolvementos posteriores.
- O anterior provoca a imposibilidade de coñecer si a súa ubicación se produce en solos de protección (actividade prohibida)ou urbanizables, que se atopan limitados na mesma forma, indefinición que provoca o rexeite da previsión conforme os requirimentos da Ordenanza Municipal Reguladora das condicións Urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación do Concello de Moaña no seu artigo 29.
- Non se establece ou define a area de cobertura
- Non se axunta descrición da futura estación, provocando unha defecto insubsanables, posto que non e posible aprobar un plan con unha antena que pode ser ilegal o non ter en conta os parámetros que deben rexer a nivel urbanístico.
- As coordenadas aportadas na paxina 80 do plan (que en ningún caso son suficientes para dar por cumprido os requisitos do artigo 29 da ordenanza), fan referencia a uns puntos que non se corresponden coa realidade exposta, e que se asentarían en lugares prohibidos pola normativa sectorial.

8. VULNERACIÓN ARTIGO 29, DA ORDENANZA.- Tal e como tivemos ocasión de por manifesto o tratar cada unha das antenas previstas a realidade e que existe unha falta de cumprimento dos requirimentos da Ordenanza Municipal Reguladora das condicións Urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación do Concello de Moaña no seu artigo 29, o fallar a localización exacta dos puntos da rede, non aparece descrita a disposición de terreos, acceso e suministros, a cualificación urbanística do solo no que se ubicarian e as afeccións que terían os terreos e, en fin, a xustificación da cobertura prevista de forma concreta.

9. VULNERACIÓN ARTIGO 38, DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA, DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA E SEGUNDA DA ORDENANZA.- Co plan sometido alegación se **pretende nalgúns casos a substitución de antenas xa existentes e noutros a súa ampliación o abeiro dunha suposta autorización xenérica**, considerándoas como unha especie de dereitos adquiridos. O aserto non é tal, toda vez que **as antenas existentes son neste intre ilegais** o non se adaptan as determinacións establecidas na ordenanza, o non constar inscritas no rexistro especial municipal, sen que conste tampouco xustificando que se tivera solicitada a legalización no prazo de dous meses ou que no caso de teres dereitos adquiridos se tiveran adaptado a reiterada ordenanza municipal, **carecen de licenza de**

actividade, non foron sometidas o RAMINP no seu momento ou, agora no seu caso, o Decreto autonómico 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, que queda fora de toda dubida trala Sentencia do Tribunal Supremo do 27/10/1997, e non cumpren os parámetros urbanísticos marcados na ordenanza en canto altura, impacto ambiental e prazos de inscrición mencionados na mesma como constata o informe técnico emitido por un arquitecto superior que se achega a presente e que pode sen dubida ser confirmado coa vista de inspección técnica por parte dos funcionarios competentes de ese Concello. Por este motivo e posto que se configura como básica e esencial a **protección da legalidade** e indiscutible que as instalacións xa existentes son ilegais e non poden constituír –tal e como se pretende por o plan- a base legal na que se desenrole a implantación. Neste senso queremos recalcar a ilegalidade destas instalacións que aparece xa no **expediente de reposición da legalidade 36/08** seguido por esa administración municipal que constata a ilegalidade de parte destas instalacións que no plan se configuran como autorizadas. **Deste xeito o plan de implantación queda reducido drasticamente ata extremos que o fan inútil sequera para a finalidade coa que se crea, que é o desenvolvemento conxunto das redes de telefonía móbil.**

10. Segundo o exposto na alegación precedente as instalacións tanto de telefonía fixa como móbil han de someterse á normativa urbanística obtendo a oportuna licenza de obras, **así como a licenza de actividade clasificada** como actividade industrial. E é así que a esixencia de devanditas licencias deriva en primeiro

lugar do recoñecemento legal que a mesma tivo no ordenamento comunitario (Directiva 56/19/00 da Comisión de 13 de marzo) como impedimento pola nosa lexislación (art. 16 e 48.5 da Lei 11/98 de 24 de abril) e xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 24 de Xaneiro de 2000 e 18 de Xuño de 2001, da Sección 4ª ambas). A Sala 3ª do T.S. na súa Sentenza de 4 de xaneiro de 1.983 manifesto o dereito da Compañía Telefónica a instalar calquera dos elementos de que precise o servizo que ten concedido ha de entenderse sen diminución da competencia da Administración local para exercer todas as potestades que leva en orde aos fins xerais que lle están encomendados, xa sexa en materia urbanística, de tráfico ou en interese do municipio. A tales efectos é bastante elocuente a Sentenza do Tribunal supremo de 18 de xuño de 2.001 que parte do recoñecemento da competencia nesta materia cuxa titularidade corresponda aos entes locais. Así, determina que a autonomía municipal é, en efecto, unha garantía institucional recoñecida pola Constitución para a xestión dos seus intereses (artigos 137 e 140 da Constitución) e hoxe asumida nos seus compromisos internacionais por o Reino de España (artigo 3.1º da Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1.985). Traendo a colación a Sentenza de 24 de xaneiro de 2.000, recurso 114/1.994 , recorda que os Concellos poden establecer as condicións técnicas e xurídicas relativas a como debe levarse a cabo a utilización do dominio público que requira o establecemento ou a ampliación das instalacións do concesionario ou operador de servizos de telecomunicacións polo seu termo municipal utilizando o voo ou o subsolo das súas rúas.

Este principio é plenamente aplicable ás instalacións por parte dos operadores (suxeitos naquel momento ao réxime de concesión) que poidan afectar en calquera modo aos intereses que a Corporación municipal está obrigada a salvagardar na orde urbanística, **incluíndo a estética e seguridade das edificacións e as súas repercusións ambientais, derivadas dos riscos de deterioración do medio ambiente urbano que as mesmas poidan orixinar. A normativa comunitaria (Directiva 96/19 CE, da Comisión de 13 de marzo , e Lei 11/1998, de 24 de abril, Xeneral de Telecomunicacións) reconece a existencia dunha relación directa entre as limitacións ambientais e de ordenación urbana,** ás que, sen dúbida, pode e debe atender a regulación municipal, e as expresadas instalacións. Deste criterio fíxose eco a Xurisprudencia do Tribunal Supremo en sentenzas de 26 de febreiro de 1.982, 7 de maio de 1.985, 13 de novembro de 1.987, 15 de outubro de 1.988, 23 de novembro de 1.993, 22 de abril, 24 de outubro, 27 de novembro e 17 de decembro de 1.997 e 11 de febreiro de 1.999, entre outras. Estes mesmos principios aparecen hoxe desenvolvidos nos artigos 44 e 45 da Lei 11/1.998, de 24 de abril, Xeneral de Telecomunicacións . Resulta ademais incontrovertido que de conformidade cos artigos 1, 3, 6 e 34 do Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Insalubres e Perigosas así como co artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais , **o exercicio dunha actividade clasificada, precisa licenza municipal de instalación ou actividade, primeiro, e autorización de apertura ou posta en funcionamento, despois** (o que adoita tamén denominarse licenza

de apertura e/ou de funcionamento), unha vez comprobadas as condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade dos locais e instalacións, pois aquela por si soa non permite o inicio da actividade, xa que se supedita o comezo do exercicio, unha vez obtida a licenza de actividade ou instalación, á visita de comprobación do funcionario técnico competente. A consecuencia do exercicio da actividade sen previas licencias de actividade ou instalación e posterior autorización de apertura e posta en funcionamento, previa a consecvente comprobación, non é outra que a necesaria adopción por parte da Administración dunha medida cautelar que a suspenda de inmediato e evite a permanencia de tal situación, mediante a orde de cesamento de actividade e/ou clausura do establecemento, tendo en conta que a **inexistencia da autorización administrativa leva a ilegalidade do exercicio da actividade sometida á intervención da Administración e o deber desta de impedir que se prosiga no exercicio dun dereito condicionado a esta intervención e prolónguese no tempo a transgresión dos límites impostos por esixencias da convivencia social**, e iso de conformidade con criterio xurisprudencial pacífico do que son expoñentes, entre outras, as SS. T.S. de 27.1.88, 26.3.89, 27.12.89, 25.4.91 e 5.11.96, conforme ás cales a clausura das actividades denominadas clandestinas por non ter o titular das mesmas licenza que as lexitime e legalice obriga á Administración Pública, a decretar o cesamento da mesma e o peche do local no que se realiza, a fin de que sexan atendidos os intereses que xustifican a intervención administrativa na orde urbanística e no

da tranquilidade, sanidade e salubridade dos administrados a que se refire a lexislación do chan, a do medio ambiente e o Regulamento de 30.11.61,(SS. T. S.26.3.90, 26.9.90, 25.4.91 e 12.3.96 entre outras). Neste caso en concreto e segundo se deriva da verificación técnica efectuada no informe pericial achegado se deriva sen dubida algunha esta situación irregular e polo tanto ilegal:

❖ ANTENA DÁS BARXAS: No Plan Técnico NON consta licenza de obra para a instalación, nin consta Licenza de Actividade, (dato este importante para poder empezar a emitir sinal desde as antenas), e segundo a ordenanza no seu Título I, Capítulo II, art. 2 do BOP. Nº 39 do Venres 24 de febreiro do 2006 que dispón que: "A instalación de infraestruturas de telefonía móbil accesibles ao público e outros servizos de telefonía pública, antenas e infraestruturas de radio difusión e televisión, de comunicacións públicas e privadas e radio enlaces, así como a localización e instalación de antenas receptoras de sinais de radio difusión sonora e televisión, terrestres e por satélite ten que estar expresamente autorizadas polo Concello de Moaña". **Con todo, ao non dispor de Licenza de Actividade, non pode acollerse nen sequera ao que se expón na Disposición Transitoria Segunda** polo que fenecen as previsións e con iso a base sobre a que se asenta o plan.

❖ ANTENA DE VILELA No Plan Técnico consta licenza de obra concedida o 22/04/1996 pero non consta Licenza de

Actividade, dato este importante para poder empezar a emitir sinal desde as antenas), e segundo a ordenanza no seu art. 2 A instalación de infraestruturas de telefonía móbil ten que estar expresamente autorizadas polo Concello de Moaña” . Con todo ao non dispor de Licenza de Actividade, non pode acollerse ao que se expón na Disposición Transitoria Segunda polo que se anula a base principal sobre a que se asenta o plan.

❖ ANTENA DE DANIEL CASTELAO Consta licencia de obra de 17/03/1997, nembargante atopámonos con dous casetóns e dous mastros e, asemade con varias antenas, elementos todos eles que carecen da preceptiva autorización, e non consta tampouco Licenza de Actividade, dato este importante para poder empezar a emitir sinal desde as antenas), e segundo a ordenanza na súa art. 2 “A instalación de infraestruturas de telefonía móbil ten que estar expresamente autorizadas polo Concello de Moaña” . Con todo ao non dispor de Licenza de Actividade, non pode acollerse ao que se expón na Disposición Transitoria Segunda polo que se anula base sobre a que se asenta o plan.

11. SOBRE O SOMETEMENTO A NORMATIVA QUE REGULA AS ACTIVIDADES PERIGOSAS OU MOLESTAS (RAMINP OU O DECRETO 133/2008, DE 12 DE XUÑO DE 2008 , POLO QUE SE REGULA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL. Unha flagrante vulneración do plan do principio de legalidade se comete o non preverse

(expresamente se exclúe) a necesidade de sometemento o réxime de actividades clasificadas, reguladas en Galicia dende o pasado ano polo DECRETO 133/2008). Non podemos esquecer que Sobre o Plan Técnico de implantación xa se pronunciou o Tribunal Supremo nas sentenzas de 18 de xuño de 2001 (RJ 2001, 8744) e 15 de decembro de 2003 (RJ 2004, 326), ao expresar que o seu contido é tendente a garantir unha boa cobertura territorial mediante a disposición xeográfica da rede e a adecuada ubicación das antenas para a protección dos edificios, conxuntos catalogados, vías públicas e paisaxes urbanísticos. Trátanse de materias estreitamente relacionadas coa protección de intereses municipais respecto dos que o Concello ten encomendada a función de protexer. **A implantación da telefonía móbil configúrase desde calquera ámbito desde o que se someta a estudo como unha actividade clasificada de molesta** e, non parece superfluo recordar por unha banda a crecente preocupación social e por outro xa non só as probas ás que fixemos referencia o non ofrecemento de probas concluíntes sobre a inocuidade da actividade, máxime cando a masiva proliferación de fontes xeradoras de campos electromagnéticos (liñas de alta tensión, antenas de telefonía móbil) xeran incertezas na sociedade en xeral cando baixo os auspicios da Organización Mundial da Saúde iniciouse no ano 1996 un estudo, no que participan máis de 40 países e sete organizacións internacionais (Centro Internacional de Investigacións sobre o Cancro, Comisión Electrotécnica Internacional, Comisión Europea, Comisión Internacional de Protección sobre as Radiacións Non Ionizantes,

Oficina Internacional do Traballo, Organización do Tratado do Atlántico Norte, Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente e Unión Internacional de Telecomunicacións) e tras mais de 25000 artigos publicados, dada a complexidade do tema, a controversia suscitada e as enormes contradicións atopadas, estase á espera de que se fagan públicas as conclusións finais polo que mentres tanto o estudo fundamental recoñecido e o de Bioinitiative. Por razóns temporais as instalacións de telefonía móbil non se atopan recollidas no anexo do RAMINP (RCL 1961, 1736, 1923 e RCL 1962, 418) , pero atendendo á natureza da actividade, parece incuestionable que a autorización daquelas estean sometidas ao procedemento autorizadorio nel previsto. O mínimo principio de precaución permite incluír as instalacións de mención entre as actividades descritas. no artigo 3 do Regulamento de referencia cuxo anexo non contén unha lista pechada e esixe ademais ser integrada polo artigo 13 da Lei 1 /1995, de 2 de xaneiro (RCL 1995, 1782 e LG 1995, 58) .

12. VULNERACIÓN ARTIGOS DA ORDENANZA No plan **non se contemplan medidas de protección de edificacións dentro da zona de protección** regulada na ordenanza.

13. VULNERACIÓN DA ORDENANZA O plan adoece de defectos por non cumprimentarse as determinacións e os requisitos exisidos pola ordenanza. E mais, no plan se considera no seu apartado 2.1 como unha das motivacións principais a implantación de tecnoloxías novas, con unhas frecuencias que se describen en MHz, nembargante a pescuda do propio plan cando

aborda a ficha técnica da rede existente pon de relevo que tanto na estación ubicada nas Barxas, como na de Domaio, como na de Vilela se dispón xa de esta tecnoloxía, co cal non é certo o afirmado, e aínda mais os intervalos de frecuencia cos que emiten superan con moito os establecidos no artigo 1.1 da ordenanza (de Hz a 300Hz), confirmando polo tanto a licitude do plan e que procede o seu rexeitamento.

14. VULNERACIÓNS DE DEREITOS CONSTITUCIONAIS

- Vulneración do Art. 15 (“**todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral**”), que se ve franqueado polos motivos xa expostos o longo do presente escrito.
- Vulneración do Art. 18.1 (“**garántase o dereito ... á intimidade persoal e familiar ...**”) e do 18.2 que declara que “**o domicilio é inviolábel...**”, xa que as ondas someten a unha contaminación electromagnética atravesan paredes, portas e fiestras sen que se poida evitar de forma convencional.
- No Art. 39.2 á “**protección integral dos fillos e as nais**”, xa que os límites de exposición actual ao que están sometidos os veciños que residan no seu ámbito (sobre todo son nenos, enfermos anciáns ou embarazadas) non teñen en conta aos grupos vulnerábeis á contaminación electromagnética tal e como demanda a Resolución do Parlamento Europeo de 04.09.08.
- No Art. 45.1 que “**todos teñen o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo**” e no 45.3. Non podemos esquecer

que xa existe unha **Resolución do Parlamento Europeo do 04.09.08** que considera que “os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público son obsoletos”.

SEGUNDA.- Por todo o alegado precedentemente e lóxica e consecuente o rexeitamento o plan de implantación, **sen prexuízo do cal e para futuras actuacións para as que interesamos sexa tida en conta**, o asinante considera e solicita que:

1. **As zonas residenciais** (Meira, Ameixoadá, Berducedo, Samertolameu, As Barxas, Tirán...) **sexan consideradas zonas sensíbeis** xa que a menos de cen metros residen nenos/as, mulleres embarazadas, enfermos, persoas maiores... que están sometidos a este tipo de campos as 24 horas do día e os 365 días do ano.

2. **Que se materialice previo o proceso legal de rigor o TRASLADO DAS ANTENAS DE TELEFONÍA A UN LUGAR FÓRA DAS ZONAS RESIDENCIAIS, ONDE A DISTANCIA DE SEGURIDADE Á EXPOSICIÓN DESTE TIPO DE CAMPOS SE REBAIXE ÓS NIVEIS BIOLÓXICOS MÍNIMOS TOLERABLES** e non afecten á poboación;

3. **Que se ADAPTE A ORDENANZA MUNICIPAL** , para que esta recolla os parámetros marcados polo Estudo Bio-iniciativa e recomendados na Resolución do Parlamento Europeo e un **seguimento mensual e público** de todas aquelas obteñan licenza e funcionen no termo municipal de Moaña.

4. Que se declare ao abeiro do ata o de agora exposto- por parte do Concello de Moaña, por razóns de interese público, a

modificación da localización das instalacións ou calquera dos seus elementos.

5. Que se estableza un mapa global de todas as antenas en espazos, fóra das zonas residenciais, onde a distancia de seguridade á exposición deste tipo de campos se rebáixe aos niveis biolóxicos mínimos tolerables e non afecten a poboación; compatibilizando deste xeito as novas tecnoloxías e a saúde.

6. Que se respecten os acordos concretados coa Federación de Veciños A Chamusca, A asociación de Veciños Xeremelo e o Colectivo de Afectados do Concello en canto o cumprimento das recomendacións internacionais (Estudo Bio-iniciativa e Resolución do Parlamento Europeo), emprazamento das estacións e antenas de telefonía móbil, fora das zonas residenciais e seguimento destas estacións que pasen o filtro do plan de implantación con medicións públicas, controles aleatorios e periódicos o longo do ano, así como a creación dun mapa electromagnético do municipio.

7. Que se constituía unha Comisión de Seguimento na que o Concello, o Colectivo de Afectados de todo o concello, a Federación de AAVV. “A Chamusca”, a Asociación de Veciños “Xeremelo”, e Grupos Ecoloxistas como A.P.D.R e “Luita Verde”, busquen coa axuda de especialistas, unha solución para a colocación das antenas neste Concello. Chegando deste xeito a un novo regulamento do ESPAZO RADIOELÉCTRICO EN BASE AO PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN no que se cumprimento o

mandato constitucional que obriga a preservación por tódolos medios do dereito a saúde.

En virtude do exposto, e de conformidade coas previsións legais,

SOLICITA:

1. Que **se lle teña** por parte no expediente mencionado comunicándolles os actos administrativos que no ata se dicten e, en particular, facilíteselle copia de todo o obrante no citado expediente, concédaselle participación nas probas que se realicen, tramite de audiencia, trasládeselle a proposta de resolución e, finalmente, notifíqueselle a resolución que poña fin ao procedemento.

2. Que se teñan por evacuadas as alegacións contidas no presente escrito e se denegue e rexeite o plan de implantación presentado.

En Pontevedra a 14 de abril de 2009

Asdo. Julio Carmona Barros

ANEXO: FONTES

1. **PROXECTO RÉFLEX.** (“Risk Evaluation of Potential Environmental Hazards from Low Energy Electromagnetic Field (EMF) Exposure Using Sensitive in vitro Methods”). Acceso libre online ao documento completo en inglés de 291 páxinas:

http://www.rfidconsultation.eu/docs/ficheiros/REFLEX_0504.pdf Se tradicionalmente considerouse imposíbel que as radiacións non ionizantes puideran producir efectos xenotóxicos, o estudo multicéntrico REFLEX da Comisión Europea, tras rematar a súa 1ª fase in vitro (dende o 2000 ao 2004 en 12 centros de 7 estados europeos) centrada na resposta celular e molecular, **CONCLÚE que a radiación da telefonía móbil aos niveis de exposicións autorizados PROVOCA EFECTOS XENOTÓXICOS nunha exposición continuada** (maior en novos e maiores). Aínda descoñecen os mecanismos biolóxicos implicados (non térmicos) e queda para posteriores fases a investigación sobre a implicación destes cambios biolóxicos (roturas das cadeas do ADN) na alteración potencial da saúde das persoas e outros seres vivos.

2. **INFORME BIO-INICIATIVA (The BioInitiative Report:** "A Rationale for a Biologically-based Public Exposure Standard for Electromagnetic Fields (ELF and RF) Potential Environmental Hazards from Low Energy Electromagnetic Field (EMF) Exposure Using Sensitive in vitro Methods" New York 31/08/07). Acceso libre online ao documento completo en inglés de máis de 600 páxinas: <http://www.bioinitiative.org/> ; e a resumos en http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitiative Informe de expertos de recoñecemento internacional (nos campos do cancro, da inmunoloxía, da saúde pública e da política ambiental) cunha revisión bibliográfica de máis de 600 páxinas referentes a máis de 1.500 estudos científicos e traballos. O conxunto de científicos participantes, incluída a propia AXENCIA EUROPEA DE MEDIO AMBIENTE -EEA-, **conclúen nesta revisión que os límites de protección actuais (establecidos pola O.S.F.C.C. e a I.C.N.I.R.P. - referentes da lexislación española-) NON SON SEGUROS.** “Un valor límite de precaución de 0.1 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ (é dicir, 0.614 Voltios por metro) deberíase adoptar con respecto á exposición exterior e acumulativa ás RF. Este límite ten en conta o estado dos coñecementos e en base a unha política prudente de Saúde Pública que se debería establecer ante a exposición ambiental ás RF pulsadas nos lugares onde a cidadanía vive, traballa, e vai á escola. Este límite máximo refírese á exposición de todo o

corpo, e pode tratarse dunha exposición crónica nos lugares de cobertura sen fíos para a transmisión de son e datos para os teléfonos móbiles, os mensáfonos, os PDA e outras fontes de radiación por radiofrecuencias. Aínda que algúns estudos e recompilacións de información in situ describan problemas de saúde observados a niveis máis baixos, este novo límite podería con todo bastar por agora para diminuír o risco para as poboacións sometidas a exposicións máis desproporcionadas”.

3. **“AVALIACIÓN DOS RISCOS DAS RADIACIÓNS DOS DISPOSITIVOS NA VIDA DIARIA”. AXENCIA EUROPEA DE MEDIO AMBIENTE.** Editado o 17 de setembro de 2007. Acceso libre online ao documento: www.eea.europa.eu/highlights/radiation-risk-from-everyday-devices-assessed “Existen numerosos exemplos no pasado que por non utilizar o principio de precaución, conduciron a serios prexuízos, e a miúdo irreversibles, sobre a saúde e sobre o medio ambiente. Débense adoptar desde agora medidas efectivas e proporcionadas de precaución, sabias e prudentes, para evitar ameazas futuras sobre a saúde plausibles e potencialmente serias derivadas dos CEM. Debemos recordar que a precaución é un dos principios da política ambiental da Unión Europea”, sinala a profesora Jacqueline McGlade, directora executiva da AEMA. **Segundo o Grupo de Traballo Bio-Iniciativa, as probas actuais, aínda que limitadas, son suficientemente sólidas para pór en dúbida a base científica dos límites**

actuais de exposición aos CAMPOS ELECTROMAGNÉTICOS”

4. **RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO, de 4 de setembro de 2008, sobre a Revisión intermedia do Plan de Acción Europeo sobre Medio Ambiente e Saúde 2004-2010 (2007/2252(INI)), que declara OBSOLETOS os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos, en base ao Informe BIOINICIATIVA.** Acceso libre online ao documento completo en castelán: <http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?type=TA&reference=P6-TA-2008-0410&language=ES&ring=A6-2008-0260>

“Manifesta gran interese polo informe internacional Bio-Iniciativa sobre os campos electromagnéticos, que resume máis de 1.500 estudos dedicados a este tema, e cuxas conclusións sinalan os perigos que entrañan para a saúde as emisións de telefonía móbil, talles como o teléfono portátil, as emisións UMTS-Wifi-Wimax-Bluetooth e o teléfono de base fixa [sen fíos] "DECT"; Constata que os límites de exposición aos campos electromagnéticos establecidos para o público son OBSOLETOS, xa que non foron adaptados desde a Recomendación 1999/519/CE do Consello, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos (0 Hz a 300 GHz), loxicamente non teñen en conta a evolución das tecnoloxías da

información e a comunicación, as recomendacións da Axencia Europea de Medio Ambiente ou as normas de emisión máis esixentes adoptadas, por exemplo, por Bélxica, Italia ou Austria, **e non abordan a cuestión dos grupos vulnerábeis, como as mulleres embarazadas, os recentemente nados e os nenos; Pide, en consecuencia, ao Consello, que modifique a súa Recomendación 1999/519/CE,** co fin de ter en conta as mellores prácticas nacionais e fixar así valores límite de exposición máis esixentes para todos os equipos emisores de ondas electromagnéticas nas frecuencias comprendidas entre 0,1 MHz e 300 GHz”

5. A Recomendación 199/519/CE é a que toma como referencia a lexislación española (Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o *Reglamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas*), fixa uns límites de exposición baseados só nos efectos térmicos: non ten en conta os perigos para a saúde dos **efectos non térmicos** aos que se refire o informe internacional Bio-Iniciativa.

6. **RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO DO 02.04.09: SOBRE AS CONSIDERACIÓNS SANITARIAS RELACIONADAS COS CAMPOS ELECTRO-MAGNÉTICOS (CEM).**

Acceso libre online ao documento completo en castelán:
<http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?type=TA&reference=P6-TA-2009-0216&language=ES&ring=A6-2009-0089>

Aprobado por ampla maioría no Parlamento Europeo (559 a favor, 22 en contra e 8 abstencións). Partindo dos efectos adversos potenciais dos CEM sobre a saúde humana aposta polo Principio de Precaución: diminución e adecuación dos valores de exposición (renovándoos cada ano); o diálogo (entre industria, autoridades públicas e as asociacións de veciños) na implantación de antenas GSM ou de liñas de alta tensión, garantindo polo menos unha distancia mínima de seguridade de escolas, garderías, residencias de anciáns e centros de saúde; mapas de exposición aos CEM co acceso público en Internet; campaña de sensibilización xeral aos mozos sobre o uso racional do teléfono móbil, denunciando as campañas de comercialización agresivas dirixidas a nenos e mozos (incluído o teléfono móbil infantil e "os minutos gratis"); recoñecemento do carácter invalidante da electrosensibilidade

7. **“INFLUENCIA DA PROXIMIDADE DUNHA ANTENA DE TELEFONÍA MÓBIL SOBRE A INCIDENCIA DO CANCRO”** (Eger, H et al.: Einfluss der räumlichen Nähe von Mobilfunkanlagen auf die Krebsinzidenz. Umwelt Medizin Gesellschaft, n.º 17, p 326-332, 4/2004). Versión orixinal en alemán en acceso libre online:

<http://www.avaate.org/IMG/pdf/naila-studie.pdf> O resultado do estudo na localidade alemana de Naila conclúe que **o risco de contraer cancro multiplícase por 3,29 nun área interior dun radio de 400 metros dunha antena. Ademais neste área enfermábase a unha idade media de 8 anos máis novo.**

8. **“AUMENTO DA INCIDENCIA DE CANCRO PRETO DUNHA ESTACIÓN TRANSMISORA DE TELEFONÍA MÓBIL TELÉFONO CELULAR TRANSMISOR DE LA ESTACIÓN”** (Ronni Wolf & Danny Wolf, 2004, Increased Incidence of Cancer near a Cell-Phone Transmitter Station. International Journal of Cancer Prevention. Volume 1, number 2, April 2004). Acceso libre online ao documento completo en inglés: http://www.avaate.org/IMG/doc/Wolf_Int_J_Cancer_Prev_2004.doc Estudo israelí que sinala unha cifra de **4,15 veces maior o crecemento de cancro en radios de 350 metros ao redor dunha estación de telefonía móbil.**

9. **“ESTUDO EPIDEMIOLÓXICO MEDIO AMBIENTAL DE INCIDENCIA DE CÁNCRO NA ÁREA DE HAUSMANNSTÄTTEN / VASOLDSBERG”**. Dr. Gerd Oberfeld. Editado polo Departamento de Saúde do Goberno do Estado Federal de Estiria. Impreso na Universidade de Salzburgo, Graz, Enero de 2008. Acceso libre online ao

documento completo en alemán de 111 páxinas:
<http://www.next-up.org/pdf/DrGerdOberfeldUmweltepidemiologischeUntersuchungDerKrebsinzidenz2008.pdf> Neste estudo austríaco, encargado polo Departamento de Saúde do Goberno do Estado Federal de Estiria (Austria) ao Dr. Gerd Oberfeld (médico do servizo público de saúde ambiental de Salzburgo), ante a demanda da poboación, constata **unha maior incidencia de cancro nos arredores dunha antena, “especialmente elevada nos casos de cancro de mama e cerebral no radio dos 200 metros da antena”**.

10. **“A SÍNDROME DE MICROONDAS: UN ESTUDO PRELIMINAR EN ESPAÑA”**. (Oberfeld Gerd, Navarro A. Enrique ,Portolés Manuel, Maestu Ceferino, Gomez-Perretta Claudio: The microwave syndrome further aspects of a Study Spanish European Low Power Initiative for Electronic System Design Workshop at Kos, Greece, October 5, 2004). Acceso libre online ao documento completo en inglés:

http://www.avaate.org/IMG/doc/la_nyora_manuscript.doc

Estudo na localidade sobre as emisións dunha antena da Ñora (Murcia) froito da colaboración entre investigadores do Instituto de Saúde Pública de Salzburgo e o Centro de Investigación do Hospital “La Fe” de Valencia: conclúe que a exposición a microondas da GSM (900-1800 MHz)

incrementa significativamente e considerablemente o padecemento de fatiga, tendencia depresiva, desordes do soño, problemas cardiovasculares, dificultades de concentración, desordes da pel, perda de apetito e en menor grao pero con OR sempre por enriba de 1.32 para cefaleas, náuseas, problemas de audición, irritabilidade, vertixe, alteracións visuais, alteracións da marcha para os suxeitos expostos no grupo comprendido entre 0.0006-0.0128 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ e en maior grao para os expostos a valores de fluxo de densidade de potencia entre 0.0165-0.4 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$.

11. **ALGUNHAS CONFERENCIAS INTERNACIONAIS DE PRESTIXIOSOS CIENTÍFICOS INDEPENDENTES QUE ALERTAN DOS POSIBLES EFECTOS E PERIGOS PARA A SAÚDE PÚBLICA DA EXPOSICIÓN Á CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA, DENTRO DOS LÍMITES DE EXPOSICIÓN ACTUAIS (INCLUÍDO NO CONCELLO DE MOAÑA), QUE ALUDEN AO PRINCIPIO ALATA (exposición a mínima emisión tecnicamente posible): por baixo de 0'1 $\mu\text{W}/\text{cm}^2$ para as emisións de telefonía móbil.** Acceso libre online aos documentos completos en:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_documentos.htm#Declaracions_cientificas Declaracións de Viena 1998, Salzburgo 2000, Roccaraso 2000, Alcalá de

Henares 2002, Catania 2002, Friburgo 2002, Benevento
2006, Venecia 2007.